

XX PREMIO DE NOVELA CURTA

Manuel Lueiro Rey

ILMO. CONCELLO
Grove
www.concellodogrove.com



Deputación
Pontevedra

O Concello do Grove convoca esta XX edición do certame coa finalidade de honrar a memoria do escritor Manuel Lueiro Rey e, asemade, coadjuvar na promoción da escrita literaria en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, a través dun convenio coa editorial Sotelo Blanco.

Este premio de novela curta, dotado con 3.000 euros, vaise rexer polas seguintes

BASES

Primeira. Poderá concorrer ao premio calquera persoa física que presente o seu texto en lingua galega, conforme as normas ortográficas vixentes. Os textos presentados, amais de seren inéditos e totalmente orixinais, non poderán ter sido publicados, ou divulgados, en todo ou en parte, por calquera medio físico ou electrónico. Os textos presentados han ter unha extensión mínima de cincuenta (50) páxinas e unha extensión máxima de cen (100) páxinas, tamaño folio DIN A4, de dous mil cincocentos caracteres cada páxina, aproximadamente, espazamento entre liñas de 1,5 (espazo e medio) e as follas deberán de estar paxinadas.

Segunda. De cada un dos textos concorrentes, presentaranse cinco copias en papel e unha en soporte dixital, nun documento de procesador de textos, **antes do día 15 de agosto** do presente ano, remitíndoas ao enderezo seguinte:

XX Premio Manuel Lueiro Rey
Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey
Rúa Monte da Vila, 11
36980 O Grove
Pontevedra

Terceira. Xunto co texto en papel e en soporte dixital, que será enviado sen que sexa recoñecible a autoría da escritora ou escritor e que irá precedido polo título e o lema escollido, xuntarase un sobre pechado que leve escrito por fóra "XX Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta", o lema e mais o título e que no seu interior conteña o nome, apelidos e NIF, enderezos postal e electrónico, e os teléfonos de contacto da súa autora ou autor.

Cuarta. O xurado, cuxos membros serán dados a coñecer antes da concesión do premio, estará composto por cinco especialistas en literatura. Un deles será a gañadora ou gañador (que poderá ser substituído pola/o finalista) da edición anterior do premio, dous serán nomeados polo Concello do Grove e os dous restantes participarán en representación de Sotelo Blanco Edicións. O premio único outorgarase por maioría simple de votos. Actuará como secretario/a do xurado,

con voz e sen voto, un técnico do concello. Tamén poderá estar presente durante a deliberación o concelleiro delegado.

Quinta. Calquera incidencia ocasionada na interpretación destas bases será solucionada pola maioría simple dos membros do xurado. A decisión do xurado, que será inapelable, darase a coñecer entre os meses de outubro e novembro do ano 2013.

Sexta. O premio, que é indivisible, poderase declarar deserto, caso de o xurado así o estimar en decisión inapelable. Para tal circunstancia, de cinco votos posibles, terá que darse o caso de que unha obra non sume un mínimo de tres dos votos do xurado.

Sétima. A entrega do premio terá lugar nun acto público nunha data que se anunciará coa suficiente antelación.

Oitava. A editorial Sotelo Blanco, segundo un convenio asinado co Concello do Grove e en calidade de entidade colaboradora, resérvase o dereito de publicación, sen limitación do número de exemplares da primeira edición nin das reimpresións, da obra gañadora, reservándose tamén os dereitos preferentes de edición desta en lingua galega coa posibilidade de cederlle tales dereitos a terceiros.

A contía do premio considerarase unha entrega á alzada en concepto de adianto polos dereitos de autor. A beneficiaria ou beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte e cinco (25) exemplares da obra publicada, que lle serán entregados pola editorial que publica a obra. Todo isto sen menoscabo do regulado pola Lei da propiedade intelectual vixente, que prevalecerá sobre o convenio mencionado.

Novena. Os orixinais non premiados poderanse recuperar, con cargo ás autoras e autores concorrentes, pasados quince días da data do veredicto. Os orixinais que non fosen retirados destruíranse pasados trinta días da emisión da decisión do xurado.

Base final. A participación neste premio significa a completa aceptación das presentes bases e mais das decisións do xurado que se designe.

O Grove, marzo de 2013